

PINTURAS DECOMAR, C.B.



"Tiñamos vontade de progresar profesionalmente e conseguir algo máis"

Juan Yáñez Moreira

Datos básicos

| | |
|-------------------------------|--|
| Actividade: | Servizos de pintura e reformas |
| Sector de actividade | Actividades de construción e reforma |
| Nº empregados | 6 |
| Inversión inicial | 3.005 € |
| Financiamento inicial: | O investimento inicial foi financiado por aportacións propias. |
| Web: | |
| Municipio: | Ramirás, A Coruña |
| Ano creación: | 1994 |

Descrición do proxecto

Trátase dunha empresa que ofrece servizos de pintura e reformas.

En particular, ofrece os seguintes tipos de servizos:

- Pintura e rehabilitación de fachadas de edificios.
- Pintura e reformas de interiores.

Temos unha demanda moito maior do primeiro tipo de servizos (pintura exterior e rehabilitación de fachadas).



Datos empresa

Claves do éxito

- Tentar facer o noso traballo o mellor posíbel. Traballar ben e non enganar ao cliente
- Calidade no servizo. Tratar ben ao cliente e conseguir a súa satisfacción para fidelizalo.
- Tratar moi ben aos empregados, tanto a nivel retributivo como a nivel persoal. Iso fai que todos traballemos máis cómodos e que todos asumamos responsabilidades e nos impliquemos cos obxectivos da empresa.
- Aínda que a mellor publicidade é o boca-ouvido, anunciarnos para que a xente nos coñeza.

Situación actual

Neste momento, atopámonos en fase de expansión. O ano pasado só tiñamos dous empregados e este ano xa temos catro.

Pensamos seguir ofrecendo os mesmos servizos, pero pretendemos dar unha maior dimensión á empresa.

Perfil cliente

A maioría dos nosos clientes son comunidades de veciños. Tamén recibimos demandas de particulares, sobre todo para interiores.

En principio, non traballamos para construtoras, xa que presionan demasiado nos prezos e así é imposible facer un traballo ben feito, repercutiría na calidade do traballo final e, en definitiva, sería unha mala publicidade para a empresa. Nos decidimos traballar a un prezo razoábel pero sen chegar nunca a sacrificar a calidade.



Idea inicial

Eu estaba a traballar en Vigo, nunha empresa do sector automobilístico. A idea xurdiume unha mañá e foi motivada pola miña vontade de progresar profesionalmente. Déime conta de que coñecía ben o mercado, tiña experiencia no sector e decidin que me independizaría e faría o que sabía facer, por conta propia.

Principales dificultades y amenazas futuras

As principais dificultades iniciais foron as económicas e a falta de traballo. Os dous primeiros anos foron moi difíciles, e mesmo pensamos en abandonar o noso proxecto. Nos puidemos captar clientes a través do noso pai, pero aínda así foi moi complicado.

En canto ás ameazas futuras, tememos que o traballo se reduza por causa do baixón que comeza a sufrir o sector da construción. Cremos que hai demasiada oferta, polo que chegará un momento en que o mercado da vivenda se colapsará e o ritmo de construcións ralentizarase. Se chegase o caso, teríamos que desenvolver máis a nosa oferta de rehabilitación de vivendas e pintura de interiores.

Perfil promotores

Juan Yáñez aporta formación profesional de grao superior en electricidade. Ademais traballou durante anos co seu pai, que ten unha empresa similar desde fai 40 anos. A empresa conta con outro socio máis. Con dezanove e vinte anos respectivamente, montaron a súa empresa de reformas e rehabilitacións.

Aptitudes necesarias

Considero imprescindible ter moita vontade de traballar.



Guía de Actividad

Empresas de reformas (www.guias.bicgalicia.es)

Motivacións

Dedicarme ao que me gusta
Saír do desemprego

Gañar cartos

Formación

¿Recibiu información específica sobre a creación de empresas?

Non.

¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?

Importante si, pero non é necesario. A empresa debe levantala un mesmo, e para os aspectos burocráticos é suficiente traballar con unha boa xestora.

Anecdotalio

A decisión de montar a empresa foi tan precipitada, que pensamos no nome mentres nos dirixíamos en coche á asesoría que nos ía xestionar toda a documentación para montar a empresa. Pensamos en DECOMAR por "Decoraciones Margarita", Margarita é o nome da nosa nai.

